

RESOLUCIÓN REITORAL DO 1 DE ABRIL DE 2024, POLA QUE SE PUBLICA A RELACIÓN PROVISORIA DE AXUDAS CONCEDIDAS NA CONVOCATORIA DE AXUDAS A GRUPOS DE INVESTIGACIÓN DO CAMPUS DE OURENSE (INOUCAMPUS AUGA 2024)

Por Resolución Reitoral do 12 de marzo de 2024 publicouse a listaxe definitiva de solicitudes admitidas a trámite da convocatoria de Axudas a grupos de investigación do Campus de Ourense (InOu-Campus Auga 2024).

Efectuada a valoración das solicitudes admitidas a trámite pola comisión de avaliación prevista na convocatoria das axudas, na xuntanza que tivo lugar o día 21 de marzo do 2024, e consonte á súa proposta, esta Reitoría RESOLVE

Primeiro.- Aprobar a publicación da listaxe provisoria de axudas concedidas na convocatoria de Axudas a Grupos de investigación do Campus de Ourense (InOu-Campus Auga 2024), que se relacionan no Anexo I.

- Número total de solicitudes avaliadas: 9
- Número total de axudas concedidas provisionais: 9

Segundo.- Consonte establece a base novena da convocatoria, ábrese un prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, para presentar as alegacións que se consideren oportunas. As reclamacións ou emendas presentaranse a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) utilizando a instancia SXER-Emenda e mellora da solicitude, indicando no asunto “Convocatoria InOu-Campus Auga 2024”.

O reitor

ANEXO I

LISTAXE PROVISORIA DE AXUDAS CONCEDIDAS

| Nº | IP/IPS DOS PROXECTOS | PROXECTO | IMPORTE |
|----|---|---|----------|
| 1 | García Luis, Uxía (IP1) | Implementación dunha estación terrea para o seguimento de satélites no Campus de Ourense. | 6.555.-€ |
| 2 | García Rivera, Matías (IP1) | Integración de tecnoloxías de posicionamento vehicular con sensorización da contorna. Aplicación á estimación do estado das estradas na provincia de Ourense. | 6.555.-€ |
| 3 | Guada Prada, Guillermo (IP1) Veiga López, Fernando (IP2) | VIGOUR: Vixilancia de Plantas Invasoras na Galicia Ourenzá. | 6.555.-€ |
| 4 | Martínez Román, Rosana (IP1) | Do Sexting ao acoso e abuso sexual baseado nas imaxes: novos perigos subxacentes de violencia sexual online entre adoscentes ourensáns. | 6.555.-€ |
| 5 | Otero Cerdeira, Lorena (IP1) | DIFRA: Detección de Infraccións en Franxas de Protección con Drons. | 6.555.-€ |
| 6 | Otero Fuertes, María Paz (IP1) | Optimización da técnica de extracción por líquidos presurizados (PLE) para a obtención de extractos bioactivos de subprodutos de variedades de uva da comarca de Ourense. | 6.555.-€ |
| 7 | Pérez Pérez, Martín (IP1) | Sistema de detección mediante intelixencia artificial para o reconto e análise de mostras biolóxicas en imaxes xeradas por microscopio. | 6.555.-€ |
| 8 | Souto Castro, Iria (IP1) Miguez Álvarez, Carla María (IP2) | As culturas antigas e a educación actual: o ensino e a escrita no mundo antigo. Unha experiencia a partir da intervención educativa en Ourense. | 6.555.-€ |
| 9 | Vázquez Figueiredo, M ^a José (IP1) Rubín Álvarez, Abraham (IP2) | HUMANIZA_TRICS_OURENSE. Promoción da educación sexual integral, con perspectiva de xénero, na provincia de Ourense. | 6.555.-€ |